


<<Hai que animar a ler teatro como outro xénero>>

Publica <<Un mosquito de nome Henri>> e <<Unha corrente salvaxe>>



CAMILO FRANCO

A CORUÑA / LA VOZ 02/09/2013 07:00

Polas coincidencias, Raúl Dans estrea dobre publicación. Dunha parte *Un mosquito de nome Henri*, (Baía Edicións, con ilustracións de Jacobo Serrano), gañador do premio Barriga Verde de teatro infantil, e *Unha corrente salvaxe*, texto co que gañou o Premi Born e que publica no seu número de verán a *Revista Galega de Teatro*.

-¿Como se escribe teatro para públicos novos?

-Henri naceu como un conto que quería escribir para a miña filla e que acabou como obra de teatro. É unha historia alegre, optimista e moi fácil de representar. Os rapaces están desacostumados a ler teatro ou a ir ao teatro. Por iso esta é unha peza simpática, incluso moi posibilista, que ten en conta todas as circunstancias de agora.

-¿Cales son as características do texto?

-É moi viable de producir, para títeres e bonecos, cunha historia optimista. Considero que é un texto divertido e fácil de representar. Está escrito pensando en facilitar a súa montaxe, sendo consciente das dificultades que pode haber agora para montar obras.

-No caso do texto para adultos «Unha corrente salvaxe», ¿que vida escénica espera que teña?

-Seguramente é o texto meu máis asequible. Creo que ofrece moitas posibilidades para ser montado e que ten atractivos para os directores. Ten unha trama con moitas sorpresas, con misterio. E creo que os personaxes da obra poden ser atractivos. Incluso diría que é teatro comercial de calidade, escrito para todo tipo de público. Pensando tamén no traballo dos actores.

-¿Publicar teatro segue sendo a única alternativa a representar?

-Facelos públicos quere dicir que poden ser lidos e coñecidos polas compañías. Por outra parte, creo que tamén é importante lembrar que o teatro tamén se pode ler, que tamén é texto. Creo que hai que animar á xente a que lea teatro como calquera outro xénero.